

MÚSICA

## A Real Filharmonía de Galicia presenta a súa nova temporada, 'Migracións'

A nova programación da Real Filharmonía é primeira deseñada por Baldur Brönnimann como responsable artístico, que abre unha nova etapa para a formación. A proposta temática do novo director titular, 'Migracións', foi elixida pola importancia que ten este fenómeno na historia e no presente de Galicia. A través deste fío argumental propóse que a música actúe como un espello da realidade. Por iso, a diversidade estará moi presente ao longo de toda a programación: atoparase música de herdanza africana ou chinesa; propostas de épocas e estéticas moi diferentes, desde compositores das Cortes Reais, como Boccherini ou Brunetti, ata obras de Bach, Haydn, Schubert... ata chegar a Cage ou Mazzoli.

Este relato, 'Migracións', será trasladado en tres bloques temáticos ao longo de toda a temporada. Un deles contará a historia de compositores exiliados como Stravinski, Ligeti, Rachmaninov, Weill, Wagner ou Dvorák. Outro enfoque será a compositora Kaija Saariaho, fina e afincada en París e unha das creadoras máis importantes do noso tempo, falecida recentemente. O último bloque centrarase na figura de Roberto Gerhard un dos compositores españois máis importantes do século XX e o único alumno español de Arnold Schoenberg.



Ademais, este proxecto busca non ser só de presente, senón tamén de futuro. Entre as misións da institución está a de axudar ás novas xeracións de músicos, tanto compositores/as como directores/as de orquestra para que desenvolvan o seu potencial e así contribuír a fomentar o tecido musical galego. Esta estratexia fundaméntase na implicación da Escola de Altos Estudos Musicais e dúas novas iniciativas: un obradoiro de dirección para a selección dun novo/a director/a asistente no mes de decembro e un obradoiro de lectura para obras de novos compositores, que terá lugar no mes de maio de 2024.

Podes atopar toda a información da nova temporada na web da RFG:  
<http://www.rfgalicia.org>



## A Real Filharmonía vivirá un mes de xullo moi intenso

Durante o vindeiro mes a orquestra celebrará cinco concertos moi diversos: O xoves 6, con entrada libre, Baldur Brönnimann dirixirá á Filharmonía na igrexa de Santo Agostiño; o día 11 ofrecerá unha actuación dentro do festival Peregrinos Musicais no Auditorio de Galicia e o día 14 trasladarase a Lalín para participar no IV Xacobeo Clarinet Fest. Xa o día 20, de novo no Auditorio de Galicia, a Filharmonía participará na estrea de Oficio de Camiñantes, de Ricardo Llorca para rematar o mes coa actuación especial na praza da Quintana o venres 28 dentro da programación das Festas do Apóstolo.



## 97 persoas aspirarán a participar no Curso Avanzado de Especialización Orquestral 2023-24

A Escola de Altos Estudos Musicais fai público o listado de músicos aspirantes a entrar no Curso Avanzado de Especialización Orquestral do vindeiro ano. En total son 97 persoas as que participarán nas probas de selección que se celebrarán os vindeiros 15, 16 e 17 de xullo.

Máis información:  
<https://eaeam.es/gu/noticias/97-persoas-aspiraran-a-participar-no-curso-avanzado-de-especializacion-orquestral-2023-24/>

PUBLICACIÓNS

## Dous libros coeditados polo Consorcio de Santiago narran a vida compostelá de Fernández del Riego

O Consorcio de Santiago presentou no Museo do Pobo Galego dous libros coeditados xunto a Galaxia e Alvarellos que relatan a vida en Compostela de Francisco Fernández del Riego, autor homenaxeado este ano polo Día das Letras Galegas.

A primeira das publicacións presentadas é 'Compostela, póla florida', coeditada con Galaxia e onde se recolle unha miúda selección de fragmentos de Fernández del Riego, feita por Domínguez Dono, onde Santiago é protagonista. A outra leva por título 'De Compostela ao exilio exterior. Francisco Fernández del Riego', escrita por Antón Mascato e coeditada xunto coa Editorial Alvarellos.

Máis información:  
<http://www.consorciodesantiago.org/gu/novas/dous-libros-coeditados-polo-consorcio-de-santiago-narran-vida-compostela-de-fernandez-del-riego>

